



NOTA DE PRENSA 17 de novembro 2023

## O potencial enoturístico da Ribeira Sacra a debate o 23 de novembro na Adega Algueira

A Adega Algueira da D.O. Ribeira Sacra, subzona de Amandi, vén de ser recoñecida na VIII edición del concurso **International Change Industry Awards**, como a **Mellor Experiencia Enoturística de España**, galardón que premia o achegamento do viño ao gran público.

Con estes antecedentes a adega é o lugar escollido para acoller unha charla coloquio que leva por título, **"A Ribeira Sacra como destino enoturístico de excelencia"**. O Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Monforte de Lemos organiza esta cita que conta coa colaboración da **D.O. Ribeira Sacra**.

Así, o xoves, **23 de novembro, de 11:00 a 14:00** desenvolverase unha mesa coloquio na que se tratará de identificar nichos de mercado para o enoturismo na Ribeira Sacra, centrándose na innovación, na colaboración e na procura da excelencia. O obxectivo é involucrar ás adegas na orientación cara un turismo de calidade centrado no enoturismo e identificar oportunidades de emprendemento neste sector.

A [inscrición farase a través deste enlace](#). A actividade desenvolverase conforme ao seguinte programa:

- 11:00h Recepción de asistentes e benvida
- 11:15h Presentación do Polo de emprendemento e apoio ao emprego
- 11:30h Mesa Coloquio: as empresas participantes contarán a súa experiencia no enoturismo e debaterán diferentes temas. Participantes:
  - D.O. Ribeira Sacra (moderador)
  - Adega Algueira
  - Ponte da Boga
  - Vista Sacra + Adega Castrofiz + Finca Quinteliña
  - Enoturismo Galicia
  - Mais que románico
  - Terras Gauda
  - Entre Vides



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 17 de noviembre 2023

- 12:30h Pausa-café
- 13:00h Dinámica de proposta de solucións ás necesidades identificadas na mesa coloquio
- 13:45h Exposición das conclusións de cada mesa de traballo
- 14:00h Peche da xornada

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)